



CALDAS DE REIS

Laureano Salgado, de fillo de carpinteiro a impulsor da industrialización de Galicia

Laureano Salgado Rodríguez, nacido en Caldas no ano 1847, foi un dos máis destacados impulsores da electrificación de Galicia e un dos seus máis importantes empresarios da xeira anterior á Guerra Civil. Fillo dun modesto carpinteiro de Santo Tomás de Caldas, estudou no Seminario de Santiago, e adquiriu coñecementos de comercio, que lle permitiron instalarse como almacenista de tecidos na súa vila natal contra o ano 1868.

Da man do seu irmán José, que era avogado, comezou contra 1885 a ampliar o abano dos seus negocios, coa construción en Vilagarcía da que sería popular casa de baños La Concha de Arosa, a xeito das que estaban de moda nos lugares de veraneo máis elegantes de Europa. Nesta endeita estivo asociado co banqueiro vigués Manuel Bárcena Franco, o conde de Torrecedeira, delegado en Galicia dunha das máis importantes naveiras inglesas que transportaban emigrantes a América, a Pacific Steam Navigation Company, da que pronto pasou Laureano a ser consignatario en Carril. Coa experiencia de Vilagarcía, saltará no negocio turístico a Vigo e a Baiona, e xogará un papel determinante na constitución da Toxa como unha das capitais do turismo balneario español. Salgado compra no 1902 os máis dos mananciais e modestas instalacións que existían na illa, asóciase co propietario pontevedrés que posuía o resto, e promove a constitución da Sociedad Anónima La Toja, a empresa que ergueu a fábrica de xabón e o Gran Hotel. Os seus intereses no sector turístico costeiro impulsárono a se converter nun dos promotores da adquisición da illa de Cortegada para a súa entrega a Alfonso XIII no ano 1909, coa esperanza de que este último establecese alí o seu punto de veraneo.

Asentado como principal empresario galego no eido dos negocios relacionados co turismo balneario o empresario caldense saltou nos anos de entreséculos á construción e explotación das infraestruturas portuarias de Vilagarcía, e moi especialmente ao sector industrial. Foi un dos impulsores e principais socios da Azucarera Gallega, a gran fábrica de azucre de remolacha que se estableceu en Portas, así como da Cerámica de Dena, a empresa que puxo en explotación as coñecidas barreiras da Fianteira no concello de Sanxenxo. Pero sobre todo, cómpre recordar a Laureano Salgado polo seu papel na formación e primeiro desenvolvemento do sistema eléctrico galego, pois foi impulsor de dúas das tres empresas que, fusionadas no ano 1923, darían lugar posteriormente a Fenosa.

O primeiro contacto co sector eléctrico foi na explotación do caldense salto de Segade, no río Umia, pois foi un dos fundadores da empresa que no ano 1899 emprendería a súa explotación, a Sociedad General Gallega de Electricidad. Consciente da potencialidade do negocio foi estudando e obtendo, coa axuda do perito industrial e tamén caldense José Lago Loureiro, diversas concesións que logo iría ofrecendo a diversos socios capitalistas para construír e explotar as centrais correspondentes. Faríase así coa de Ponte Inferno que daría lugar á Electra Popular de Vigo y Redondela (1902), da que foi primeiro presidente, coas de Almofrei e Pego Negro que darían lugar á La Hulla Blanca (1909) e coa do cuntesse río da Patela que daría lugar posteriormente á Eléctrica Cuntesse. Efecto do peso que tivo Laureano Salgado no sector eléctrico galego foi o feito de que dúas das máis importantes empresas do sector, a EPVR e La Hulla Blanca foron escrituradas en Caldas e tiveron alí a súa primeira sede social. Mesmo as primeiras memorias da EPVR foron impresas na tipografía de Fray Prudencio da mesma Caldas, que era propiedade de Salgado, e da que saía o popular xornal liberal que daba nome á imprenta. Entusiasta da electricidade, Salgado tivo tamén un importante papel nos negocios relacionados co tranvía e mais no espallamento dos muíños eléctricos.

Laureano Salgado, que militou nas filas do Partido Liberal de Sagasta, mantivo unha importante actividade social e filantrópica na súa vila natal de Caldas e máis en Baiona, onde foi un dos impulsores do monumento á Virxe da Rocha deseñado polo famoso arquitecto Antonio Palacios. Na ladeira do monte fixo un impresionante chalet, pronto famoso polas súas festas e recepcións, no que residiu longas tempadas e ao que se retirou nos últimos anos da súa vida, que rematou no ano 1930.